



Estimadas familias,

Vos informamos de que o día **21 de xuño**, penúltimo día de clase, hai programada unha saída con todo o noso alumnado.

O horario vaise estender da xornada lectiva habitual. Collerase o autobús na **parada de Corme** enfronte da Igrexa ás **9:00** horas e o regreso será no mesma parada entre as **19:30 e 20:00** horas. Aquelas familias que prefiran a parada da Aldea deberán comunicalo mínimo o día antes, doutro xeito enténdese que collerán e deixarán o autobús en Corme.

O destino será **Galipark**, a continuación deixamos enlace á web e contactos do parque:

<https://www.galipark.com/es/>

Lugar Agronovo - Extramundi - Padrón

Telf. 981 811 708 - Mail: info@galipark.com

Todo o alumnado levará mochila coa **comida** (de merenda lles daremos nós unhas galletas básicas), bebida, chanquetas ("chanclas" en castelán), toalla, muda de roupa interior e protector solar. A **roupa de baño** para as actividades de auga xa debe vir posta da casa, así como a primeira dose de **protector solar**. A **roupa e calzado** deben proporcionar **comodidade** xa que as actividades son todas moi activas.

A actividade é **gratuíta** para o alumnado, tanto o transporte coma a entrada correrán a cargo do centro escolar. Recordade que é unha estratexia que levamos facendo nos últimos cursos para eliminar as desigualdades económicas de cara a participar nas actividades e saídas propostas polo colexio.

Sen máis recibide un cordial saúdo,

En Corme a 14 de xuño de 2022

A dirección